



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**MESA XERAL DA AEAT:****Ratificación das medidas organizativas propostas pola AEAT**

Hoxe tivemos en Madrid a reunión da Mesa Xeral da AEAT co fin de ratificar a aplicación das medidas organizativas da AEAT acordadas na Mesa de Carreira Administrativa do pasado xoves.

A AEAT presentounos un documento onde, tomando como referencia a produtividade cobrada nun determinado período, establece os criterios que poden levar a excluir a determinados funcionarios da aplicación destas medidas. No primeiro documento exposto pretendía que se xustificara a posible exclusión das reclasificacións daqueles que estén por debaixo do 75% da media na produtividade para optar á primeira reclasificación e do 90% da segunda. A totalidade da parte social rexeitou de xeito taxante este criterio polo que tras un receso a AEAT presentounnos unha nova proposta, innegociable, na que se tomaba como criterio na que se podería excluir a aqueles que non chegaran ao 50% da media da produtividade ordinaria, por suposto sen ter en conta a produtividade voluntaria (PEIA e Renda) e na que non se tiñan en conta nin os períodos de baixa ou excedencia con reserva de posto. Tamén se establecía a necesidade dun informe motivado polo Delegado Especial correspondente e a posibilidade de estudo, caso por caso, na Mesa de Seguimento na que se tratará toda a casuística que traerán consigo as reclasificacións.

Aínda que a AEAT defendía, unha e outra vez, que os casos de exclusión serán excepcionais e moi puntuais, desde a **CIG** rexeitamos contundentemente que se utilicen este tipo de criterios. Sabemos que a tendencia na Administración Pública será a de regular a avaliación do desempeño, vincular a carreira profesional á produtividade do persoal pero tamén sabemos cómo se reparte a produtividade nesta casa e que en moitísimas ocasións, as cantidades percibidas non se corresponden coa calidade do traballo realizado senón cuns criterios moitas veces descoñecidos e que teñen máis que ver coas valoracións subxectivas dos xefes. Chámanos moitísimo a atención que na Mesa de Carreira do pasado xoves, cando a **CIG** preguntou ata en tres ocasións cómo ían valorar a capacitación do persoal, os representantes da AEAT, sabendo perfectamente o que nos ían a plantexar hoxe na mesa



Confederación Intersindical Galega

saían do paso como podían e non eran quen de explicarnos a sorpresa que nos tiñan preparada. En fin.... máis do mesmo.

Por outro lado, debido á excepcionalidade destas medidas organizativas e a repercusión que poden ter nas condicións de traballo a AEAT establece a necesidade que éstas sexan ratificadas como mínimo, polo 75% da plantilla antes do 15 de setembro, polo que se establecerán os mecanismos oportunos. Para nós isto supón implícitamente o recoñecemento da situación na que nos atopamos: tras unha perda de máis de 3.000 traballadores nos últimos anos, sen cubrirse os postos máis altos nin por concurso nin outra vía, o certo é que o persoal XA está asumindo funcións dunha categoría superior á que lle corresponde.

Respecto á carreira vertical dos mariñeiros embarcados no Buque de Operacións Especiais, moitos deles nos niveles 18 a pesar de contar con moitísima antigüidade e para os que só se contempla unha suba do específico, a AEAT asegurounos que fará as adecuacións oportunas mediante a convocatoria dun concurso no primeiro semestre do ano que vén, para que teñan a opción dunha adecuación dos seus niveis.

Gusten ou non nos gusten os criterios da AEAT á hora de levar a cabo a adecuación dos postos, a importancia destas medidas que se propoñen, o altísimo número de reclasificacións que se prevén na nosa Delegación Especial (moitos funcionarios subirán dous ou incluso tres tramos de carreira) e a importancia de estar na Mesa de Seguimento para poder canalizar todas as incidencias que detectemos levounos a ratificar na Mesa Xeral as medidas propostas. Así o entendeu tamén o 100% da parte social (SIAT, CCOO, UGT, GESTHA, UCESHA, CSIF e ELA) que, ao igual que nós, apoiou a posta en marcha desta reorganización. Seguiremos defendendo o Acordo de Carreira tal e como coñecemos, pero, como xa sabedes, no contexto actual as sucesivas leis de orzamentos non permiten a súa reactivación.